

MUMBO JUMBO FAISE ENORME

1831

Karsten Kiilerich, 2026

ESTREA EN NUMAX: 119.09/2026 | V.E.S.E| TP | 83 min

Mumbo Jumbo vive tranquilo coa súa nai nun pequeno val. Pero, un bo día, todo vira: por accidente Mumbo come un cogomelo máxico que o fai medrar de golpe... Tanto, que xa non pode durmir coa nai, xa que non cabe no cuarto! Por sorte, Frede e Mandril teñen a solución ao problema, aínda que o plan inclúe unha viaxe ata a remota Siberia e un encontro coa bruxa Baba Yaga. Os bos amigos de Mumbo —Tapir, Guepard e Mimbo— acompañarano na aventura; isto non vai resolver todos os problemas, pero polo menos estarán xuntos nesta viaxe tan arriscada.

Non é doado ser pequeno, pero tampouco o é ser xigante! E máis se tes que enfrontarte a unha bruxa estraña e volver ao teu tamaño normal. Esta é unha viaxe intrépida que podería facer que Mumbo Jumbo volva ser pequeno por fóra, pero moito maior por dentro.



MUMBO JUMBO FAISE ENORME

Karsten Kiilerich, 2026

O noso amigo Mumbo Jumbo está, claramente, pouco preparado para a chegada do outono. Debúxalle a el máis aos seus amigos roupa de abrigo para que non os colla o frío!

Algunhas ideas: botas, gorro, sombreiro, orelleiras, luvas, chaqueta, pantalóns, xersei

